



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

ACTA Nº 1 DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DO CONCELLO DE ABEGONDO.

En Abegondo sendo as dez horas do día dezasete de setembro de 2025, reúnese na casa do Concello, os seguintes membros do tribunal nomeados para a selección dunha praza de auxiliar administrativo.

Presidente:

Isabel Manteiga Moar

Secretario:

José Antonio Varela Doval

Vocais:

José Carmelo Sánchez Presedo

Celia C. Rivas Sampedro

As bases que rexen o procedemento foron aprobadas e publicadas, igualmente aprobáronse os candidatos admitidos e excluídos, así como a data do primeiro exercicio.

- Exame teórico de desenvolvemento do temario que consistirá en contestar por escrito, nun período máximo de 60 minutos, a un cuestionario de 60 preguntas con respostas alternativas sobre calquera das materias do programa. Este exercicio terá carácter eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 60 puntos, será necesario obter un mínimo de 30 puntos para superalo.

Sistema de avaliación: Cada pregunta respondida de forma correcta puntuarase con 1 punto. Pola súa banda, as respostas erróneas restaran 0,5 puntos. Non se contabilizarán como erros as preguntas non contestadas

O tribunal co obxecto de garantir o anonimato das persoas aspirantes durante o proceso de avaliación da proba establece un sistema de códigos que se entregan aos aspirantes para identificar os exercicios realizados. Un deles deberá pegalo ao exercicio e no outro poñerán o seu nome a apelidos o cal será gardado nun sobre cerrado que se abrirá antes da realización de segundo exercicio.

Unha vez realizada a proba tipo test, entre as 10:20 e 11:20 horas, o tribunal procede á corrección dos exercicios, sendo o resultado o seguinte:

| Códigos | Puntos | Apto/ non apto |
|---------|--------|----------------|
| 0001    | 53     | Apto           |
| 0005    | 37     | Apto           |
| 0010    | - 0,5  | Non Apto       |
| 0009    | 9      | Non Apto       |
| 0008    | 3      | Non Apto       |
| 0007    | 29     | Non Apto       |
| 0006    | 9      | Non Apto       |
| 0004    | 20,5   | Non Apto       |
| 0003    | 10,5   | Non Apto       |
| 0002    | 9      | Non Apto       |



C O N C E L L O  
DE  
**ABEGONDO**  
( A CORUÑA )

Os resultados da corrección da proba tipo test dos 10 aspirantes presentados ( DOUS aptos e OITO non aptos, serán publicados na sede do concello <http://sede.abegondo.gal> e no taboleiro de anuncios, fixándose un prazo de dous días para os efectos de reclamación as cales serán resoltas polo tribunal

Fíxase a data de realización do seguinte exercicio para aqueles candidatos que resultan aptos, para o próximo día 23 de setembro ás 12:00 horas, na Casa do Concello de Abegondo

E sendo as 12 horas e 25 minutos dáse por finalizada a sesión, e para que así conste asinan os membros do tribunal antes citados, do que como secretario do tribunal dou fe.

O secretario